

SEMANA 5

### 3º - CIENCIAS DA NATUREZA

Tarefas do libro de texto (non é preciso copiar o enunciado dos exercicios, pero si poñer ben o número de exercicio e a páxina á que corresponde. Exemplo: 1.- Páx. 26)

#### PÁXINAS 28-29

**Imos ler as dúas páxinas, a lectura farédela coa profe Vanesa.**

Antes de ler, miramos ben todos os debuxos para "investigar" a cerca de que tema imos a ler.

**Despois de ler coa profe Vanesa, facemos no caderno os exercicios: 1-4-5-7**

# Tipos de plantas

## ● Árbores, arbustos e herbas

Dependendo de como sexa o seu talo, as plantas poden ser de tres tipos: árbores, arbustos e herbas:

- As **árbores**, como os piñeiros ou os carballos, teñen un talo grosso e duro, chamado tronco. Del adoitan saír ramas a certa altura do chan. Son de gran tamaño.
- Os **arbustos**, como a roseira, o romeu ou a xara, teñen un ou varios troncos delgados que se dividen en ramas preto do chan. O seu tamaño é medio.
- As **herbas**, como a papoula ou o trigo, teñen un talo verde, delgado e flexible. Son pequenas.


### Árbores

Tronco grosso  
con ramas altas



### Arbustos

Varios troncos delgados  
ramificados preto do chan



### Herbas

Talo verde,  
delgado e  
flexible



### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...




- 1 Compara. Di en que se parecen e en que se diferencian unha árbore e un arbusto.
- 2 Que diferenzas hai entre o talo dun carballo e o dunha margarida?
- 3 Investiga se estas plantas son árbores, arbustos ou herbas: faia, adelfa, dente de león, albedro e tileiro.

## ● Plantas con e sen sementes


Dependendo da forma na que se reproducen, as plantas pódense clasificar en dous tipos:

- As plantas que producen sementes. Tamén teñen flores. A maioría das plantas que coñeces son deste tipo: a margarida, a rosa, a papoula, a laranxeira, o carballo, o piñeiro...
- As plantas que non producen sementes. Non teñen flores e reproducense dunha forma diferente ás demais plantas. Deste tipo son os fentos, os mofos e outras plantas parecidas a elas.

### Plantas que producen sementes



### Plantas que non producen sementes



### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- Nomea dúas plantas que non produzan sementes.
- Moitas das plantas que producen sementes, tamén forman froitos. Nomea un froito coas sementes no seu interior e outro que as teña no exterior.
- Di en que se parecen e en que se diferencian un mofo e unha planta de amorodo.
- As persoas alimentámonos coas sementes que producen moitas plantas. Fai unha lista coas que coñeces e di de que forma as comemos.